

Turismo

EXCELTUR ■ Segundo os datos publicados onte polo 'lobby' do sector, a autonomía comportouse mellor que o conxunto do Estado, onde a actividade medrou un 1% ■ Os resultados non foron bos para as empresas galegas só polos visitantes internacionais, senón na modalidade interior e do rural

O tirón do Xacobeo fixo de Galicia a comunidade "gañadora" no 2010

O crecemento para o 2011 será similar, co cal aínda se tardará en chegar ata os parámetros dos anos anteriores á crise

Europa Press • Santiago

Galicia foi "claramente a gañadora" do ranking do 2010 polo tirón do Xacobeo, dentro dos destinos vacacionais. Díxoo o vicepresidente executivo de Exceltur, José Luis Zoreda, quen explicou tamén que a actividade turística pechou o 2010 en España cun aumento do 1%, fronte á caída do 8,3% coa cal pechou 2009, "o peor ano da década". A Alianza para a Excelencia Turística (Exceltur) tamén advertiu de que este rebote do sector de case dez puntos por encima dos niveis do 2007 está aínda "moi lonxe" de poder anticipar unha clara recuperación.

A pesar deste "rebote positivo", o sector acumula unhas perdas de 8.000 millóns de euros reais, descontada a inflación, tras a brecha aberta nos dous últimos anos.

En rolda de prensa para facer balance do exercicio 2010, o presidente de Exceltur e vicepresidente de Sol Meliá, Sebastián Escarrer, destacou que estas cifras reflicten claramente "un cambio de tendencia", en comparación co ano anterior, "o peor da historia da democracia" para o turismo. O 68% dos empresarios turísticos xa melloraron os seus resultados, pero aínda hai un 32% que non logrou melloras.

A recuperación do turismo *business* beneficiou as grandes cidades como Madrid e Barcelona, fronte ós destinos de praia cun crecemento do 2%, que seguen perdendo cota de mercado, fronte a destinos competidores de España como Exipto (+18%), Marrocos (+14,8) e Turquía (+6%), só por diante de Tunisia (-0,9%) e Chipre (1,8%). O gran prexudicado é o turismo de interior e rural que, salvo Galicia e País Vasco, perdeu turistas que optaron por destinos do litoral e de *sol e praia* ante "ofertas imbatibles".

De cara ó 2011, Exceltur prevé un crecemento do sector turístico do 1%, o cal suporía reducir nun punto a caída sufrida nos últimos dous anos, co cal volvería comportarse por segundo ano consecutivo mellor que a economía española (-0,6%, segundo analistas). "Non é unha mala noticia, pero con este crecemento non se xera emprego, nin se anticipa a consolidación da recuperación", apuntou Zoreda, quen dixo que colocaría o sector seis puntos por baixo dos niveis do 2007, "aínda con moitos miles de millóns de euros por recuperar". ●



Dende a esquerda, o alcalde de Palas de Rei, Fernando Pensado, e os conselleiros Alfonso Rueda e Roberto Varela

PROTECCIÓN CIVIL ■ Os conselleiros Rueda e Varela agradeceron o seu traballo en Palas de Rei, onde se localiza unha das "máis activas" agrupacións

Os voluntarios prestaron 150.000 servizos no Xacobeo

Os 1.000 voluntarios de Protección Civil que no ano 2010 se dedicaron a atender as incidencias relacionadas cos peregrinos realizaron un total de 150.000 intervencións durante o Xacobeo. Así o explicou onte o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, durante o acto de entrega dun coche de urxencias ó Concello de Palas de Rei (Lugo), ó cal tamén asistiron o alcalde Fernando Pensado, e o conselleiro de Cultura, Roberto Varela. Basicamente, tal e como concretou Alfonso Rueda, isto supón "máis de 400 intervencións diarias" que van desde aten-

der a xente que se quería orientar", a ocuparse de pequenas feridas ou desprazamentos cando foron necesarios. "É dicir, todas as pequenas atencións que no seu conxunto supuxeron que a xente que viña aquí, cando necesitou a axuda dun voluntario a tivo sen ningún problema e inmediatamente", indicou Rueda.

Neste sentido, o conselleiro de Presidencia aproveitou a ocasión para "agradecer" o traballo deste colectivo e erixiu a "agrupación" de Palas de Rei como unha "das máis activas" neste ámbito. Pola súa banda, o conselleiro de Cultura, Rober-

to Varela, coincidiu en mostrarlle o seu agradecemento a "todo o corpo de voluntariado que fixo posible que o Camiño de Santiago funcionase mellor", á vez que recordou que o número de peregrinos "bateu todos os records históricos". En canto ó número de visitantes, Varela confiou en que os datos finais superen "amplamente" os 9,2 millóns de persoas. Unha vez terminado o Ano Santo, Varela sinalou que aínda é "moi pronto" para facer unha valoración, aínda que se confesou "esperanzado" polo "efecto" do Xacobeo.